

OS COTOS

MARZO
2024



A “NOSA PASCUA”

SÁBADO
DÍA 30
CHEGA
A NOSA
PASCUA
ÁS 9



NO PAVILLÓN DE FORNELOS

Unha vez máis, un ano máis, queremos, pola PASCUA facer a “nosa pascua”. Tamén queremos facer partícipe desta Festa da Pascua a todas as persoas das nosas parroquias, que por saúde, idade, ou outras razóns, non van poder estar con nós na festa de Os Cotos. Queremos que a Pascua chegue ás súas casas, e a través do grupo de cáritas, con avisamos, comprometémonos a levarlle “a luz e a auga” pascual.

ATENCIÓN DE CÁRITAS

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos, axudamos a quen nos pida unha man. Estamos no local da casa reitoral de Fornelos o xoves día 14 de dez a doce da mañá.




217 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá

"Xesús, amigos dos máis necesitados"


Pois si, o outro día cando ía coller o tren encontreime con Xesús, Xesús de Nazaré. El tamén ía coller o tren. Estaba na fila diante de min, pero ao ir pagar o billete viu que non lle chegaban os cartos. Virouse cara a atrás e, moi amablemente, pedíume se lle pagaba a viaxe. Así o fixen. Mentres íamos cara o andén axudoulle a unha señora maior a subir unhas bolsas de compra. Tamén se puxo a falar cun mozo que estaba deitado no chan, con mala pinta. Pero o que máis me sorprendeu foi cando chegamos ao andén. Dende onde estaba podía ver no andén de en fronte unha nai cun neno no colo. Parecía estranxeira. Entón el, Xesús, fixouse nela e tamén no neno, que tiña cara de sufrimento. Creo que intuía o que precisaban. Vin como se lles acercaba, lle tendía a man á muller e entón...

Nese momento o tren apareceu pola miña vía. Intentei observar entre os vagóns o que facían... Quería saber como ía acabar esa historia, así que deixei pasar o meu tren. E puíden contemplar o final da escena: Xesús estáballes indicando a saída. A nai mirábao agradecida e o neno sorría. Que pasara?

Pola vía contraria á miña, chegou outro tren. Xesús subiu nel. Vino, entre a xente, continuar a súa viaxe. Gustárame seguilo. Así e todo, quédame a súa imaxe... Ah, e un libro. Ao marchar deixou a súa bolsa sobre un banco do andén. Eu apureime a recollela. Dentro estaba este libro, o seu título é *Boas Noticias de Xesús*...



Atopa
as dez
diferenzas



SANTO PARA O MES, en marzo, o día 13: RODRIGO

Nome de orixe xermánica que significa "rico en fama, con moita gloria, príncipe glorioso".

Rodrigo é o nome do último rei visigodo falecido no 711 na batalla de Guadalete. Tamén é o nome do Cid Campeador, Rodrigo Díaz de Vivar. Roi Xordo foi un fidalgo galego natural de Coruña, residente en Ferrol, que no ano 1431 encabezou a primeira revolta irmandiña.

CONSELLO

fé

O froito do silencio é a oración.
O froito da oración é a fe.
O froito da fe é o amor.
O froito do amor é o servizo.
O froito do servizo é a PAZ
Teresa de Calcuta



23 de marzo

HORA DO PLANETA



A hora do Planeta é unha iniciativa a nivel mundial coa que se pretende concienciar sobre a necesidade de tomar medidas urxentes contra o cambio climático producido pola actividade humana.

Consiste nun apagón eléctrico voluntario, no que se pide ás persoas e empresas que apaguen as luces e aparatos eléctricos non indispensables durante unha hora, dende as 20:30 ata as 21:30 h.



Con iso promóvese o aforro de enerxía, a diminución das emisións contaminantes e a redución da contaminación lumínica.

A hora do Planeta foi impulsada no ano 2007 por **World Wide Fund For Nature (WWF)**. A primeira Hora do Planeta celebrouse en Sidney (Australia) o 31 de marzo de 2007.

Certo é, que o simple feito de apagar as luces unha hora non evitará ningunha consecuencia climática, pero crea conciencia para que os feitos sexan máis responsable co medio ambiente.

Hoxe en día faise casi en 200 países. Este día recórdanos que a natureza é noso sistema de soporte vital, que nos brinda todo o que necesitamos, dende o aire que respiramos ata o auga que bebemos e os alimentos que comemos e que debemos defendela agora para salvaguardar a saúde do noso planeta e a súa vez, a nosa propia saúde e benestar. **APAGA A LUZ E DALLE UNHA VOLTA O PLANETA**



O Papa Francisco: a natureza non perdoa
 “O Papa sacou a colación en varias ocasións un dito popular: “Deus perdoa sempre, a xente algunhas veces, a natureza nunca”. “Matamos a natureza sen darnos conta de que nos estamos quedando con un deserto, non con un xardín”.”.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE MARZO

DÍA 3	LECTURA	1 Cor 1, 22-25	Predicamos a Cristo Crucificado
	EVANXEO	Xn 2, 13-25	Xesús expulsa aos que negocian no templo
DÍA 10	LECTURA	Ef 2, 4-10	Somos creados en Cristo para facer o ben
	EVANXEO	Xn 3, 14-21	Xesús non xulga, Xesús dá vida
DÍA 17	LECTURA	Xer 31, 31-34	Eles serán o meu pobo e Eu o seu Deus
	EVANXEO	Xn 12, 20-33	Quen ama a súa vida, dáa
DÍA 24	LECTURA	Flp 2, 6-11	Cristo, en todo feito semellante a nós
	EVANXEO	Mt 26, 14 -- 27, 66	Xesús, morreu na cruz
DÍA 31	LECTURA	Feit 10, 34a. 37-43	A este Xesús, resucitouno Deus
	EVANXEO	Xn 20, 1-9	Entrou no sepulcro, viu e creu